



Moito ruído e (polo momento) poucas noces: un achegamento superficial á Lei Trans

Miguel Vieito Villar¹

1.- Introducción

O día 2 de marzo deste ano 2023 deu por iniciarse o camiño da coñecida como *Lei Trans* ou, como é o seu nome completo, *Lei 4/2023, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI*.

Estes case sete meses de andadura teñen sido elocuentes sobre múltiples aspectos que, quen coñeciamos o proxecto dende unha perspectiva técnica, xa podíamos albiscar, e que agora verificamos, cunha sensación incómoda de sermos a Casandra do mito grego, castigada por Apolo a ter o don da adiviñación, mais condenada a que ninguén xamais crese nos seus augurios.

É a nosa pretensión con este texto divulgar á cidadanía o que están a ser evidencias prácticas da norma, tanto dende unha perspectiva teórica como, sobre todo, práctica. A coñecida como *Lei Trans* non é un texto tan pernicioso como aseguran as persoas contrarias ao mesmo, mais do que tampouco pode predicarse un halo de perfección e carácter revolucionario tan amplamente exteriorizado polas persoas no seu favor.

Nin tan boa, nin tan mala, a norma revélase nos primeiros momentos da súa entrada en vigor como unha certa decepción, como unha evidencia que non se cohonesta nin está á altura do tenso, airado e polarizado do seu debate previo. Meses despois da

¹ Miguel Vieito Villar é avogado especializado en Dereito contra a discriminación (<https://miguelvieito.gal>)